

DAAAAAALÍ!

**[Quentin Dupieux, 2024
Francia, 78 min., VOSE]**

Lingua **Francés**

Dirección, guión, montaxe e fotografía **Quentin Dupieux**

Música **Thomas Bangalter**

Elenco **Edouard Baer, Pio Marmai, Gilles Lellouche,**

Anaïs Demoustier, Jonathan Cohen

Produción **Mathieu Verhaeghe e Thomas Verhaeghe**

Distribución **A Contracorriente Films**

Os diversos intentos frustrados dunha xornalista francesa para entrevistar a Salvador Dalí e levar a cabo un proxecto documental sobre el son a base desta comedia delirante na que o director francés Quentin Dupieux, lonxe dos códigos do biopic, explora o excéntrico universo de Dalí e a narcisista relación do xenio surrealista coa súa propia imaxe e cos medios de comunicación.

FEBREIRO

Luns 17 **A HERBA ERRANTE**

(Yasujiro Ozu, 1959)

Xapón, 119 min., VOSE)

Martes 18 **NON AGARDES DEMASIADO**

DA FIN DO MUNDO

(Radu Jude, 2023)

Romanía, 163 min., VOSE)

Martes 25 **O BAÑO DO DIABO**

(Veronika Franz e Severin Fiala, 2024)

Austria, 121 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



DAAAAAALÍ!

QUENTIN DUPIEUX

CINECLUBE PONTEVEDRA

FS #229

11.2.2025

«Para escribir e dirixir esta homenaxe conecteime coa conciencia cósmica de Salvador Dalí e deíxeme guiar cos ollos pechados. Primeiro, o Mestre ordenoume convocar varios actores brillantes para interpretar o seu personaxe (demasiado complexo para un só home), logo fomos xuntos visitar a Buñuel para roubar algunhas imaxes e ideas, logo levounme á forza ás profundidades da súa angustia mórbida e aos seus sonhos para guiarme e finalmente case recuperei o control do meu filme para convertelo simplemente nunha declaración de amor a ese home. Como dixo o propio Dalí, a súa personalidade foi probablemente a súa maior obra mestra. O meu filme conta modestamente esta historia»

QUENTIN DUPIEUX

DAAAAAALÍ!

QUENTIN DUPIEUX REIVINDICA A DALÍ COMO ARMA DEFINITIVA PARA A COMEDIA

Por Marionna Borrull

Unha moza xornalista agarda nunha suite de hotel. A súa axente advírtelle, preocupada, que o artista ao que entrevistará é irascible e puntilloso. Cando finalmente aparece, o pintor é encadrado como unha figura escura, vestindo capa, achegándose desde o fondo dun corredor. Detrás, esprega a alongada sombra da misoxinia.

Mais Quentin Dupieux, bufón experto, lanza o seu primeiro truco: amparado polos cortes de montaxe, e ante a mirada atónita da xornalista (Anaïs Demoustier), o cineasta devolve o vampiro dos reloxos brandos ao fondo do corredor, mentres este se afixe, sen decatarse, de que foi citado lonxe de máis. O gag funciona porque non resga nin xulga, só xoga.

Dalí, coma Deus ou coma o Doutor Parnaso de Terry Gilliam, é un e tres ao tempo. Gilles Lelouch, Edouard Baer e Jonathan Cohen, alternándose no papel, montan a Dalí sobre a pura pantomima, divertíndose mentres disfrazan unha verdadeira “moñeca”: aristocrática, infantil, moi branca. Unha máscara de bruxa dun euro, un personaxe sen persoa. Os verdadeiros vampiros, en *Daaaaaali!*, non levan capa nin barretina, senón sorrisos encantadores e afagos (aí queda a bóla de microabusos psicolóxicos que condensa o cretino interpretado por Romain Duris, o produtor do documental que a Demoustier lle prometeu ao artista de Figueres).

Dalí para Dupieux é outra cousa. Porque si, o mostacho retorcido volve tola á nova xornalista, que teima en conseguir unha Entrevista co Xenio malia que el mesmo lle confesa que a palabra vai ser puro show. Non obstante, a moza porfía

e cal brincallón para morcego, emprenderán unha pillla chea de bombas de fume que lle dea a ambas partes folgos e vida, xogo e razóns.

Grazas a este xogo do gato e o rato, delicioso, a comedia está asegurada. E preguntámonos como non se nos ocorreu antes que Dalí precisaba un Dupieux para renacer (lonxe da súa cara auténtica, a maltratadora e fascista), e que Dupieux podía atopar en Dalí o tema perfecto para avivar a chama da súa carreira, á deriva entre unha absurdez mestra (*Fumar provoca tose*) e trucos que funcionan a medias (*Incrible pero certo*).

No formal, ambos comparten idioma. Asceta practicante do humor pelado (integral e integrista) e ao cargo da dirección de fotografía de todos os seus filmes, o francés tamén pinta desde a planitude máis lambida, fea, sen máis. As cousas como son, por moi absurdas que resulten. En *Daaaaaali!* o catalán é capaz do imposible por virtude da montaxe: Dupieux ilustra como o pintor basea os seus lenzos en mundos oníricos (totalmente tanxibles, onde xornaleiros con cabezas hiperbólicas se afixen polo precario do seu traballo de modelos) dos que pode saír só cruzando o bordo do plano.

É cinema limpo en tempos de necesario enlameamento da crítica cultural. Dalí funciona para Dupieux como un xoguete máis co que activar o potencial íntegro da comedia. O pintor distraese en ensimesmamentos progresivamente absurdos, que levan o filme a canellas sen saída e que poden desbotarse sen pudor, amparadas pola pulcritude dos cortes da montaxe. *Daaaaaali!* avanza desandándose, repensándose rebuldeira e descubríndose como un milfollas radicalmente libre.

Supoño que a tentativa de biopic é necesariamente unha traizón ao espírito disgregado e fuxidío dun Dalí que era personaxe, filósofo e artista, alternativamente e ao mesmo tempo. «Un Dalí», un substantivo común para salvar o xenio da súa propia realidade, así como dun tempo que non lle perdoou. Dupieux abisma a súa alegre montaxe cara ao drama unha única vez: cando o pintor ten un «delirio existencialista místico» que non é máis que a visión del mesmo envellecido, en cadeira de rodas.

Porque *Daaaaaali!* nunca será un retrato, senón a constatación empírica de que o xogo, o interpretarse tras un bigotiño ampuloso, é o único que pode salvar a comedia do paso do tempo. É iso problemático en tempos dunha desestabilización iconoclasta necesaria? Claro. Arrincaralle Dupieux unha paréntese á nosa aversión, a golpe de gargallada? Si, tamén.